

Presenza e reprodución de quelonios exóticos no tramo final do Miño

Cesar Ayres, Miguel Dominguez-Costas

AHE Galicia. Barcelona 86, 6c. 36211, Vigo (Pontevedra). España

galicia@herpetologica.org

RESUMO

A presenza de quelonios exóticos e invasores no tramo final do río Miño e cada vez mais importante. Na década dos anos 90 do pasado século comezouse a detectar a presenza de tartarugas exóticas, principalmente *Trachemys scripta elegans* e algúns xéneros asiáticos, pero sen evidencias de reprodución no medio natural. Posteriormente trala prohibición desta especie foron aparecendo no mercado diferentes xéneros (*Pseudemys*, *Graptemys* e *Mauremys* asiáticas maiormente) que rapidamente foron detectadas no medio natural.

Posteriormente comprobouse a reprodución de varias especies de tartarugas exóticas en condicións naturais de semiliberdade na area de estudo.

Na derradeira década comprobouse a reprodución de *Trachemys scripta* en varios puntos do tramo final do río Miño e afluentes, algúns deles en espazos protexidos da Rede Natura 2000 e afectando a poboacións de sapoconchos autóctonos.

A presenza destes quelonios exóticos e invasores representa unha ameaza para a supervivencia dos sapoconchos autóctonos. Ben por transferencia de parasitos e patóxenos, ben por competencia ou polo risco de hibridación no caso dos *Mauremys* asiáticos.

Palabras chave: Quelonios, exóticos, Galicia, reprodución, Miño.

Bibliografía:

Ayres, C., 2016. *Mauremys reevesi* (Gray, 1831), familia Geoemydidae, en liberdade no Noroeste de España: o primeiro de moitos en Europa? *Braña*, 14: 58-59. Available from https://sghn.org/wp-content/uploads/2018/06/AYRES-FERNANDEZ_Mauremys-reevesi_Gray1831_familia_Geoemydae_liberdade_Noroeste_Espanha_BRANHA_2016.pdf

Ayres, C. & Domínguez-Costas, M. (2024). New evidence of Red-eared Slider, *Trachemys scripta* (Wied-Neuwied 1839), reproduction in Galicia (Spain). *Reptiles & Amphibians*, 31(1): e21524-e21524.

Ayres, C., & Dominguez-Costas, M. (2025). Chinese Striped-necked Turtles, *Mauremys sinensis* (Gray 1834), in Galicia, northwestern Spain. *Reptiles & Amphibians*, 32(1), e22657-e22657.

Domínguez-Costas, M. & C. Ayres. (2018). Nuevos datos sobre la reproducción de *Trachemys scripta* en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 29: 75–76.

Iglesias, R., García-Estévez, J. M., Ayres, C., Acuña, A., & Cordero-Rivera, A. (2015). First reported outbreak of severe spirorchiidiasis in *Emys orbicularis*, probably resulting from a parasite spillover event. *Diseases of aquatic organisms*, 113, 75-80.